

¿ONDE ESTÁN OS NOSOS DOCUMENTOS?

Xavier Brisset Martín

Por iniciativa da Asociación Euroeume está a crearse o “**Fondo de documentación para o coñecemento do territorio**”¹ que debe informar da existencia e localización de todo o Patrimonio escrito (bibliografía, documentos, prensa...), Patrimonio icónico (películas, vídeos, fotografías, pinturas...) e Patrimonio inmaterial, baseado este último nas entrevistas gravadas ás persoas que pola súa idade, lucidez e vivencias poden considerarse como portadoras da memoria colectiva e que se conservarán en DVDs na videoteca “Hucha dos saberes”.

Entre estes variados traballos estamos investigando nos arquivos nos que se atopan conservados documentos notariais, xudiciais, administrativos, privados, libros de rexistro, etc., que poden resultar interesantes para un mellor coñecemento do noso pasado.

Como adianto deste labor e atendendo á relevancia que a revista *Cátedra* ten entre os investigadores atraídos pola nosa comarca, fago a continuación unha breve referencia aos contidos dos Arquivos consultados até este intre. Unha vez rematada esta busca confeccionarase un caderno de trescentas páxinas coa información detallada e completa que quedará a disposición de calquera interesado en todas as bibliotecas municipais do territorio.

ARQUIVOS da CORUÑA: BIBLIOTECA DA CASA CONSULADO

Fundada en 1806, conserva valiosísimos libros do noso interese como pode ser a *Descrición económica del Reyno de Galicia* de L. Labrada (1804), *Diccionario de Miñano* (1826), *Diccionario Geográfico Universal* (1831), *Diccionario de Madoz* (1845), etc.

1. Inclúe os concellos de Vilarmaior, As Somozas, San Sadurniño, As Pontes, Pontedeume, Monfero, Moeche, A Capela e Cabanas. Xavier Brisset Martín é coordinador do traballo no que tamén colaboran:
Anabel Alonso López, bibliotecaria das Pontes.
Alexandre Cainzos Corbeira, arquivista e bibliotecario de Pontedeume.
J. Francisco Correa Arias, profesor de Historia.
Antón Ferreiro García, Presidente da Irmandade As Pontes-Lesneven-Carmarthen.
Loreto García Marón, da Biblioteca de Estudos Locais da Coruña.
Carmen Molina Taboada, da Biblioteca da Deputación.
Chema Rodríguez Armada, de Centro Galego de Artes da Imaxe.
Cristina Velarte Pérez, documentalista en Madrid.

Entre os documentos destaca o manuscrito da “Comisión especial para la división de Galicia en Partidos y Juzgados de 1ª instancia”, datado o 13 de setembro do 1813 que debía dar lugar aos primeiros concellos constitucionais e á división do antigo reino en catro provincias.

Este “Índice” contempla a división do noso territorio entre os partidos xudiciais de Santa Marta de Ortigueira, Ferrol e Pontedeume. Non chegará a ser realidade polo retorno do rei Fernando VII, que volverá á división por xurisdiccións do antigo Réxime, pero será retomado no 1822, en pleno trienio liberal, de tan curta duración que tampouco será operativo pola invasión dos “Cen mil fillos de san Luís” que permite a ese mesmo rei, axudado polas monarquías absolutistas, retornar ao seu natural conservador.

A reforma administrativa terá que esperar a morte do monarca e por fin será publicada nos boletíns oficiais da provincia da Coruña nº 138, 139, 141 e 142 de xuño do 1836. (*ver Anexo 2*).

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Só dos nove concellos do noso interese hai relación de 71 folios que conteñen 2.627 apuntes. Datas límites 1942 – 2000, con expedientes de todo tipo de obras, proxectos, liquidacións...

HISTÓRICO DE PROTOCOLOS DO COLEXIO NOTARIAL DE GALICIA

Neste arquivo consérvanse infinidade de instrumentos públicos (poderes, vendas, obrigacións, foros, protestas, convenios, fianzas, doazóns, inventario de bens, testamentos, etc...) dos que dan fe notarios ou escribáns de Número, de Concellos, Reais...

Algúns deles tiñan limitado o seu traballo a unha localidade concreta, mentres outros estaban autorizados a percorrer diferentes xurisdiccións.

Na organización deste arquivo aparecen diferenciados os radicados nas xurisdiccións de Santa Marta de Ortigueira (inclúe o concello das Pontes), Ferrol (que integra, entre outros, os de San Sadurniño, Moeche e As Somozas) e Pontedeume (con Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e Vilarmador e outros máis).

As datas límites dos documentos van dende os máis antigos do s. XVI, en diferentes estados de conservación, até o 1905, pois só pasados 100 anos son de consulta pública.

No conxunto das tres xurisdiccións, ofrece os fondos de 294 notarios ou escribáns cun total de 7.163 **legaxos** (documentos asinados durante un ano por un deles) polo que a cifra total de documentos será de varios centos de milleiros.

Cantidade que pode arrefriar o ánimo de calquera investigador con pretensións exhaustivas, pero, ao mesmo tempo, achegarse a este importante arquivo ofrece a garantía de dar sempre con algún documento relevante.

As propias magnitudes dos fondos xa permiten unha aproximación ás vicisitudes e vigor económico do noso territorio e á necesidade de escriturar documentos. (*Ver Anexos 3 e 4*).

DO REINO DE GALICIA

(Información ofrecida pola técnica de Arquivos dona Cristina Bañobre Fraga co praxe do director D. Gabriel Quiroga Barro).

ASUNTO: existencia de documentos de interese para a comarca, conservados neste arquivo.

RESULTADO: a maior parte dos fondos do arquivo conteñen información relacionada cos concellos do seu interese. No Catálogo de Instrumentos de Descrición Documental e Bibliográfica do centro, accesíbel na sala de consulta ou na páxina web, atopará relacionados os fondos documentais e os instrumentos que os describen. Pero neste contexto tan amplo a súa consulta sistemática excede as nosas posibilidades. A continuación amosamos as posibilidades que ofrecen algúns destes fondos, con advertencia de que en moitos outros poderá atopar información sobre os concellos de referencia:

- Real Audiencia de Galicia: Poderase acceder a este fondo documental a través da páxina web do arquivo seguindo a seguinte ruta: [www.xunta.es/Consellerías/Consellería de Cultura/Arquivo do Reino de Galicia/acceder a fondos/enlazar co servidor da base de datos de descrición documental/consulta](http://www.xunta.es/Consellerías/Consellería%20de%20Cultura/Arquivo%20do%20Reino%20de%20Galicia/acceder%20a%20fondos/enlazar%20co%20servidor%20da%20base%20de%20datos%20de%20descrici%C3%B3n%20documental/consulta).

- Real Intendencia de Galicia: Catastro del Marqués de la Ensenada: conta, por cada parroquia, con Interrogatorio, Real de Leigos, Real de Eclesiásticos, Persoal de Leigos, Persoal de Eclesiásticos e Estados. Parroquias que figuran no catastro:

CONCELLO DE CABANAS: Santo André de Cabanas, San Mamede de Laraxe, San Martiño de Porto, San Vicente de Regoela, Santa Cruz do Salto e Santa Olaia de Soaserra

CONCELLO DA CAPELA: San Boulo de Caaveiro e Santa María de Cabalar.

CONCELLO DE MOECHE: Santiago de Abade, Santa María de Labacengos, San Xoán de Moeche, San Xurxo de Moeche e Santa Cruz de Moeche.

CONCELLO DE MONFERO: Santa María de Xestoso, San Xurxo de Queixeiro, San Xíáo de Monfero, Santa Mariña de Taboada e Santa María de Vilachá.

CONCELLO DE PONTEDEUME: San Martiño de Andrade, Santiago de Boebre, San Miguel de Breamo, Santa María de Centroña, San Cosme de Nogueirosa, Santa María de Ombre, Santiago de Pontedeume e San Pedro de Vilar.

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ: Santa María do Aparral, Santiago de Bermui, Santa María do Deveso, Santa María de Espiñaredo, San Pedro da Faeira, San Martiño de Goente, Santa María das Pontes de García Rodríguez, Santa María de Ribadeume e San Pedro de Eume.

CONCELLO DE SAN SADURNIÑO: Santa María de Bárdaos, San Paio de Ferreira, Santa María de Igrexafeita, San Xiao de Lamas, Santa María de Naraío, Santa María de San Sadurniño e Santa Mariña do Monte.

CONCELLO DAS SOMOZAS: Santa María de Recemel e Santiago Seré das Somozas.

CONCELLO DE VILARMAIOR: Santa María de Doroña, San Cristovo de Goimil, San Xorxe de Torres, Santiago de Vilamateo e San Pedro de Vilarmaior.

-Goberno Civil: no inventario que describe este fondo reflíctense varias subseccións, entre elas a de Administración Local, compostas por diferentes series onde podería aparecer documentación relativa aos concellos interesados e que relacionamos a continuación, facendo constar as datas límites:

Cadro de clasificación que vai até 1941

Subsección: asociacións e reunións.

Series:

Expedientes de asociacións de ámbito educativo. 1901-1936.

Expedientes de sociedades culturais, recreativas, de seguros... de diversos concellos. 1841-1961.

Expedientes de asociacións relixiosas de diversos concellos. 1896-1940.

Documentos soltos de expedientes de asociacións. 1909-1974.

Libro rexistro xeral de asociacións (orde alfabética-xeográfica). 1847-1942.

Libro rexistro de inscrición de socios da Sociedade de Agricultura de Monfero. 1932-1935.

Libro de actas de sesións da Sociedade de Agricultura de Monfero. 1907-1936.

Expedientes de asociacións profesionais, sindicais e partidos políticos de diversos concellos. 1893-1949.

Desta última serie elaborouse unha base de datos, polo que foi posíbel facer unha busca rápida das asociacións relacionadas cos concellos interesados. (*Ver Anexo 5*)

Ademais existe outro Cadro de clasificación dende 1941 até 1961 con expedientes de sociedades culturais, recreativas, de seguros, asociacións profesionais, sindicais, composicións de Xuntas Directivas de Asociacións, e documentos diversos que comprenden diferentes concellos.

A documentación do Goberno Civil a partir de 1982 poderase consultar a través da páxina web do Arquivo, seguindo a ruta anteriormente citada.

Tamén atópanse os libros de contaduría de Hipotecas, de translación de dominios, de índice de fincas, de arrendos e subarrendos e Rexistro da Propiedade das tres xurisdicións entre 1768 e 1862. Así como expedientes dos tribunais laborais e industriais.

Nos fondos privados relativos á igrexa aparecen os correspondentes ós Mosteiros de San Xoán de Caaveiro, Sta. María de Monfero e o Convento de Santo Domingo de San Sadurniño. Todos eles entre 1500-1900.

ARQUIVOS DE SANTIAGO: DIOCESANO

Conservan os libros parroquiais, algúns do s XVI, de Bautizados, Casados, Defuntos, de Fábrica, Confrarías e moita información diversa.

Trinta e cinco das nosas parroquias corresponden aos arciprestados de Pruzos e Bezoucos da Diocese de Santiago.

EMIGRACIÓN

Dispoñen de documentación de catro das sociedades creadas polos nosos emigrantes na Habana:

“Hijos del Ayuntamiento de Capela”, creada o 12/08/1928.

“Naturales del Ayuntamiento de Puentes de García R.”, fundada 28/01/12.

“Sociedad de Pontedeume y su partido judicial”, de 1920.

“La Aurora” de Somozas, inscrita o 06/06/1909.

ARQUIVOS DE BETANZOS: MUNICIPAL DE BETANZOS

O conxunto das parroquias que integran os nove concellos do noso territorio pertenceron durante máis de 300 anos á provincia de Betanzos, unha das 7 históricas nas que se dividiu o Reino de Galicia dende fins do s. XV até 1834, cando se fai a nova división actualmente vixente.

Elixido polo Rei, o corrixidor de Betanzos foi a máxima autoridade de *concejo, jurisdicción y provincia*. Na súa representación manterá a orde, impartirá xustiza e velará polos dereitos reais fronte á igrexa e os nobres. Como sucedeu que Betanzos e A Coruña, capitais das provincias respectivas, compartiron corrixidor durante longos períodos – pagándolle a medias- tanto no ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS como no ARQUIVO MUNICIPAL DE A CORUÑA consérvanse documentos dos “Fondos do Corrixidor” que son do noso interese. Ordes reais, Disposicións Governativas, Expedientes de Alistamentos militares, censos de habitantes, contribucións, xuntas de subsidio defensa e armamento, etc.

Para coñecer a compartimentación xurisdiccional daquela provincia, facilitando a procura de documentos, *ver Anexo I*.

ARQUIVOS DE MONDOÑEDO: DIOCESANO

Conservan os libros parroquiais, algúns do s XVI, de Bautizados, Casados, Defuntos, de Fábrica, Confrarías e moita información diversa.

Vintecinco das nosas parroquias pertencen aos arciprestados de San Sadurniño, Moeche e As Pontes da Diocese de Mondoñedo.

ARQUIVOS DO NOSO TERRITORIO: MUNICIPAIS

En diferente estado de conservación e catalogación os arquivos municipais dos nosos concellos conservan documentación alusiva aos Plenos, Alcaldes, Administración, Servizos, Facenda... nalgúns casos dende a súa fundación no 1836. Destaca o de Pontedeume con documentos dende o S. XV. No outro extremo os de Moeche e Vilarmador, que foron queimados no 1948, só teñen dende entón.

OUTROS ARQUIVOS

Ademais dos correspondentes á Idade Media, que se relacionarán en listado á parte, tamén atopamos material do noso interese no da Cámara de Comercio de Ferrol, Consello de Contas, da Comunicación do Consello da Cultura Galega, Rexistro da Propiedade de Pontedeume e Xulgado de Betanzos nº 1.

ANEXO 1

INTEGRACIÓN DAS PARROQUIAS NAS DIFERENTES XURISDICCIONS E COUTOS (DENDE A IDADE MEDIA ATÉ A DIVISIÓN POR CONCELLOS DE 1813/1822/1836) listado baseado nos traballos de Alfredo Erias Martínez xunto a Xoán Miguel González Fernández e Xosé María Veiga Ferreira *

Os datos de nº de veciños (x 4 ou 5 teríamos o de habitantes) corresponden ao Expediente de Alistamentos militares de 1816/17 conservados neste arquivo Municipal de Betanzos.

Xurisdicción de Caaveiro

Couto de Beelle, 14 veciños

SANTIAGO DE BERMUI, 49 v.

SANTA MARIA DE CABALAR, 57 v.

VILA DE SAN ANDRES DE CABANAS, 130 v. (xunto con Erines)

SAN BOULO DE CAAVEIRO, 26 v.

SANTIAGO DA CAPELA, 168 v.

SAN ESTEVO DE ERINES.

SAN PEDRO DE EUME, 88 v.

SAN PEDRO DA FAEIRA, 47 v.

SAN MARTIÑO DE GOENTE, 57 v.

SAN XURXO DE QUEIXEIRO, 64 v.

SANTA MARIA DE RIVADEUME, 53 v.

SANTA CRUZ DO SALTO, 29 v.

SAN XOAN DE SEIXO (SEOANE), 28 v.

Santa María de Sillobre.

SANTA AIA DE SOASERRA, 35 v.

SANTA MARIÑA DE TABOADA, 34 v.

Coutos e xurisdicción de Callobre e Vilachá

San Xoán de Callobre.

SANTA MARIA DE VILACHA.

Vila e xurisdicción de Cedeira

SANTIAGO DE ABADE, 47 v.

SANTA MARIÑA DE BARDAOS, 36 v.

Vila de San Adrián de Cedeira, 110 v.

Santa Aia de Cervo, 94 v.

San Pedro Fiz de Esteiro, 106 v.

SANTA MARIA DE LAVACENGOS, 88 v.

San Pedro de Loira, 66 v.

SAN XOAN DE MOECHE, 72 v.

San Xulián de Montoxo, 100 v.

San Roman de Montoxo, 102 v.
Santiago de Pantín, 114 v.
San Cosme de Piñeiro, 50 v.
Santa María de Régua (ou Régoa), 156 v.
San Vicente de Vilaboa, 64 v.
San Martín de Vilarrube, 62 v.

***Coutos de Meroi, Cabalar e Fronzal comprendidos
na parroquia de Santiago Seré das Somozas***
SANTIAGO SERÉ DAS SOMOZAS.

Couto e xurisdicción de Moeche
SANTA CRUZ DE MOECHE.
SAN XURXO DE MOECHE.

Xurisdicción de Monfero
San Pedro de Buriz, 90 v.
Santa María de Labrada do Buriz, 111 v.
SAN PEDRO FIZ DE MONFERO, 313 v.
SANTA XULIANA DE MONFERO, 55 v.
SANTA MARIA DE XESTOSO, 280 v.

Xurisdicción de Narahío
SAN PAIO DE FERREIRA, 128 v.
SANTA MARIA DE IGLESIAFEITA, 102 v.
SAN XULIAN DE LAMAS, 156 v.
SANTA MARIA DE NARAHIO, 147 v.
SANTA MARIA DE RECEMEL, 119 v.

Couto e xurisdicción de Perbes
San Pedro de Perbes.
San Xoán de Vilanova.
SAN PEDRO DE VILARMAIOR.

Xurisdicción da Alcaldía Maior de Pontedeume
SAN MARTIN DE ANDRADE, 73 v.
Santo Tomé de Bemantes, 95 v.
SAN MIGUEL DE BREAMO, 100 v.
SANTA MARIA DE CENTROÑA, 68 v.
SANTA MARIA DE HOMBRE, 138 v.
San Vicente de Mehá, 80 v.
Santa María de Miño, 163 v.
SAN COSME DE NOGUEIROSA, 127 v.

San Xoán de Piñeiro, 46 v.
SAN MARTIN DE PORTO, 122 v.
SAN PEDRO DE VILAR, 111 v.

Vila e xurisdicción da Alcaldía Ordinaria de Pontedeume

Santiago de Barallobre, 120 v.
SANTIAGO DE BOEBRE, 75 v.
SANTA MARIA DE DOROÑA, 149 v.
San Salvador de Fene, 101 v.
Santiago de Franza, 181 v.
SAN PEDRO DE GRANDAL, 124 v.
SAN CRISTOBO DE GÜMIL, 41 v.
SAN MAMEDE DE LARAXE, 80 v.
Santa Aia de Limodre, 52 v.
San Xurxo de Magalofes, 57 v.
San Salvador de Maniños, 119 v.
San Estevo de Perlío, 41 v.
VILA DE PONTEDEUME, 414 v.
Santa María de Sillobre, 92 v.
SAN XURXO DE TORRES, 73 v.
SANTIAGO DE VILAMATEO, 62 v.

Vila e xurisdicción das Pontes de García Rodríguez

Santa Mariña de Cabreiros, 49 v.
SANTA MARIA FIZ DO DEVESO, 56 v.
SANTA MARIA DE ESPINAREDO, 49 v.
SAN XOAN DO FREIXO, 201 v.
SANTA MARIA DAS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ, 290 v.
SANTA MARIA DE VILAVELLA, 120 v.

“Coto redondo” e xurisdicción de Reguela

SAN VICENTE DE REGUELA, 15 v.

Jurisdicción, Merindad y Marquesado de San Saturnino y sus cotos agregados

SANTA MARIÑA DO MONTE, 53 v.
SANTA MARIA DE SAN SATURNINO, 106 v.

ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ e XOAN MIGUEL GONZALEZ FERNANDEZ “O marco xurisdiccional na antiga provincia de Betanzos” *Anuario Brigantino*, 12. Betanzos 1989.

ALFREDO ERÍAS MARTINEZ y JOSE MARIA VEIGA FERREIRA. “Betanzos su provincia en la época del Emperador Carlos V” *Anuario Brigantino*, 25.

ANEXO 2

DISTRIBUCIÓN DAS NOSAS PARROQUIAS POR CONCELLOS E PARTIDOS XUDICIAIS. EFECTIVA DENDE 1836, E A SÚA EVOLUCIÓN ATA HOXE.

(Datos extraídos da extraordinaria obra “Os Concellos Galegos” de Xosé Fariña Jamardo conservada na Biblioteca da Casa Consulado.)

PARTIDO DE FERROL

AYUNTAMIENTO DE SAN SATURNINO (629 vecinos y 2.972 almas)

Parroquias :

SAN SATURNINO, santa María (156 - 780)

NARAHIO, santa María (121 - 609)

IGLESIAFEITA, santa María (71 - 280)

MONTE, santa Mariña (43 - 215)

BARDAOS, santa María (24 - 140)

FERREIRA, san Pelayo (67 - 345)

LAMAS, san Julián (147 - 603)

AYUNTAMIENTO DE S. JORGE DE MOECHE (559 vecinos y 2.757 almas)

Parroquias :

MOECHE, Santa Cruz (113 - 542)

MOECHE, San Juan (47 - 238)

MOECHE, San Jorge (137 - 730)

LABACENGOS, Santa María (100 - 477)

ABAD, Santiago (32 - 140)

RECEMEL, Santa María (130 - 630)

AYUNTAMIENTO DE SOMOZAS

Parroquia :

SANTIAGO SERE DE LAS SOMOZAS (438 - 2.628)

Otros ayuntamientos del partido de Ferrol :

Ferrol : 3.499 vecinos y 14.289 almas. (Ferrol, Graña y Brión)

Serantes : 860 vecinos y 4.503 almas. (Serantes, Doniños, Esmelle, Mariña, Cobas, Mandiá, Marmancon, Leixa, Caranza, Villas y santa Cecilia de Trasancos)

Narón : 1.032 vecinos y 4.874 almas. (Narón, Jubia, San Mateo de Trasancos, Bal, Castro, Sedes, Pedroso y Doso.

Neda : 574 vecinos y 2.282 almas. (San Nicolás y Santa María de Neda, Anca y Villadonelle)

Baldoviño : 797 vecinos y 3.800 almas. (Baldoviño, Atios, Abiño, Lago, Taraza, Sequeiros, Lourido, Baldetires, Meirás, Loira, Pantín, Villarrube y Vilaboa)

PARTIDO DE PUENTEDEUME

AYUNTAMIENTO DE PUENTEDEUME (1.148 vecinos y 4.962 almas)

Parroquias :

SANTIAGO DE PUENTEDEUME (476 – 1.866)

CENTROÑA, santa María (75 – 310)

BREAMO, san Miguel (103 - 474)

NOGUEROSA, san Cosme (146 – 647)

VILLAR, san Pedro (101 – 449)

HOMBRE, santa María (119 – 639)

ANDRADE, san Martín (66 – 267)

BOEBRE, Santiago (63 – 310)

AYUNTAMIENTO DE CABAÑAS (524 vecinos y 2.638 almas)

Parroquias :

CABAÑAS, san Andrés (97 – 485)

ERINES, san Esteban (41 – 205)

REGUELA, san Vicente (21 – 105)

LARAGE, san Mamed (82 – 441)

SALTO, santa Cruz (35 – 161)

SOASERRA, santa Eulalia (48 – 244)

PORTO, san Martín (161 – 888)

CAAVEIRO, san Braulio (39 – 109)

AYUNTAMIENTO DE CAPELA (684 vecinos y 2.664 almas)

Parroquias :

CAPELA, Santiago (213 – 709)

SELJO, san Juan (29 – 104)

GOENTE, san Martín (46 e 158)

CABALAR, santa María (76 – 321)

RIBADEUME, santa María (67 – 365)

EUME, san Pedro (106 – 407)

FAEIRA, san Pedro (27 – 75)

ESPIÑAREDO, santa María (55 – 262)

BERMUY, Santiago (65 – 263)

AYUNTAMIENTO DE MONFERO (634 vecinos y 3.266 almas)

Parroquias :

MONFERO, san Felix (265 – 1.583)

MONFERO, santa Juliana (34 – 104)

GESTOSO, santa María (196 – 884)

QUEIJEIRO, san Jorge (81 – 391)

TABOADA, santa Mariña (46 – 230)

VILACHA, santa María (12 – 74)

AYUNTAMIENTO DE VILLARMAYOR (428 vecnos y 2.017 almas)

Parroquias:

DOROÑA, santa María (127 – 683)

GRANDAL, san Pedro (110 – 412)

TORRE, san Jorge (62 – 310)

GÜIMIL, san Cristobal (33 – 168)

VILLAMATEO, Santiago (43 – 215)

VILLARMAYOR, san Pedro (53 – 229)

Otros ayuntamientos del partido de Puente deume:

Ares: 1.012 vecinos y 4.759 almas. (Lubre, Caamouco y Cervás)

Mugaridos: 770 vecinos y 3.664 almas. (Mugaridos, Mehá, Piñeyro y Franza)

Fene: 680 vecinos y 3.047 almas. (Maniños, Limodre, Magalofes, Barallobre, Fene, Perlio y Sillobre)

Castro: 542 veciños e 2.328 almas. (Callobre, Villanueva, Perbes, Leyro, Carantoña, Castro, Bemantes y Miño)

PARTIDO DE SANTA MARTA DE ORTIGUEIRA

AYUNTAMIENTO DE PUENTES DE GARCIA RODRÍGUEZ (860 vecinos y 3.864 almas)

PUENTES DE GARCIA RODRÍGUEZ, VILLA (401 – 1.805)

APARRAL, SANTA MARIA (42 – 124)

VILAVELLA, SANTA MARIA (147 – 628)

FREIJO, SAN JUAN (216 – 1.045)

DEVESO, SANTA MARIA (54 – 262)

Otros ayuntamientos del partido de Santa Marta de Ortigueira :

Santa Marta de Ortigueira: 898 vecinos y 4.230 almas. (Ortigueira, Luhia, Barbos, Mosteiro, Cuiña, Senra, S. Claudio, Mera y Luama)

San Adrian da Veiga: 733 vecinos y 3.318 almas. (Veiga, Feás, Sismundi, Landoy, Mera, Piedra y Cariño)

San Pablo de los Freires: 718 vecinos y 3.546 almas. (Freires, Devesos. Insua y Yermo)

San Cristobal de Couzadoiro: 897 vecinos y 4.381 almas. (Ladrado, Espasante, Celtigós, Loyba, San Cristobal e San Salvador de Couzadoiro)

Villa de Cedeira: 706 vecinos y 3.522 almas. (Cedeira, Cerbo, Regoa, Piñeyro, Esteyro, San Román y San Julian de Montojo)

Cerdido : 370 vecinos y 2.300 almas. (Cerdido y Casares)

Santa Maria de Mañon: 985 vecinos y 5.008 almas. (Bares, Mogor, Riveras del Sor, Grañas del Sor y Mañon)

Esta organización dos concellos sufrirá as seguintes modificacións nos seguintes 170 anos ata o presente:

1845.- A parroquia de santa María de RECEMEL é segregada do concello de Moeche incorporándose no de Somozas.

1868.- O concello de Vilarmaior queda incorporado integramente ao de Pontedeume por unha tempada.

1896.- Con parte da parroquia de Santa María de XESTOSO créase a de San Pedro do VAL DE XESTOSO.

Así mesmo con parte das parroquias de Santa María das Pontes e San Xoán do Freixo créase a parroquia de San Mamede de SOMESO e no concello de Somozas créanse as parroquias de San Pedro de ENCHOUSAS e Santa María SEIXAS.

1925.- A parroquia de San Boulo de CAAVEIRO incorpórase no concello da Capela.

1982.- Sete parroquias do concello da Capela (Santiago de BERMUI, Santa María de ESPINAREDO, San Pedro de EUME, San Pedro da FAEIRA, San Martiño de GOENTE, Santa María de RIBADEUME e San Xoán de SEIXO) intégranse no concello das Pontes.

Referente ás capitalidades de cada concello houbo as seguintes mudanzas :

A CAPELA.- *Capela , Filgueiras e As Neves.*

MOECHE.- *Moeche, Rega, Castillo de Abajo, Castillo de Arriba e Pereiro.*

MONFERO.- *Monfero, Trabcias e Rebordele.*

SAN SADURNIÑO.- *San Saturnino, Casal e Avda. Marqués de Figueroa.*

SOMOZAS.- *Somozas, Garita e Iglesia.*

VILARMAIOR.- *Villarmayor, Castro, Armada, Viaje e Armada.*

Tamén a división dos partidos xudiciais resultará modificada nestes anos, dun xeito moito máis radical.

1867.- O 27 de xuño decrétase a desaparición do Partido Xudicial de Pontedeume. Só 9 días despois a oposición da Deputación Provincial da Coruña paraliza a decisión.

1944.- Creación dos xulgados comarcais de San Sadurniño e As Pontes de García Rodríguez.

1965.- Quedan suprimidos os Partidos Xudiciais de Ortigueira e Pontedeume. Todos os concellos do noso territorio quedan integrados no de Ferrol agás Monfero, Pontedeume e Vilarmaior que se integran no Partido Xudicial de Betanzos. Deste xeito, e por primeira vez, o río Eume convértese en marca fronteiriza.

ANEXO 3

*Número de notarios ou escribáns en activo, simultaneamente, en cada un dos anos de cambio de década, segundo os protocolos notariais conservados no Arquivo do Colexio Notarial de Galicia**

ANOS	FERROL	ORTIGUEIRA	PONTEDEUME	TOTAL
1600	0	1	3	4
1610	0	3	3	6
1620	1	5	2	8
1630	1	6	4	11
1640	1	10	2	13
1650	2	9	3	14
1660	4	10	6	20
1670	7	11	11	29
1680	8	8	10	26
1690	12	12	13	37
1700	10	13	12	35
1710	9	15	13	37
1720	7	13	10	30
1730	6	13	10	29
1740	8	13	8	29
1750	11	13	6	30
1760	14	13	8	35
1770	23	10	9	42
1780	10	10	11	41
1790	23	9	9	41
1800	21	10	12	43
1810	20	7	12	39
1820	18	9	10	37
1830	12	9	9	30
1840	14	7	10	31
1850	13	6	9	28
1860	8	5	7	20
1870	8	4	3	15
1880	5	3	2	10

**Parte dos protocolos dos escribáns Bernardo Ordoñez e Andrés del Río consérvanse no Arquivo Municipal de Pontedeume mentres que algúns dos documentos asinados polos de Ferrol (Luís de Luaces, Andrés López de Basadre, Juan López de Prado e Juan Pita Baamonde) de Pontedeume (Juan Pardo de Andrade) e Ortigueira (Diego López de Otón e Andrés Ramonde) consérvanse no Arquivo do Reino de Galicia. Tamén cómpre ter en conta a actividade itinerante dos notarios reais, algúns dos aquí rexistrados facían incursións ata o Principado de Asturias, sendo posible unha actividade recíproca non só de notarios asturianos senón tamén dos de outras xurisdicións ó sur do río Lambre, así como dende Vilalba, Mondoñedo, etc... Intervencións non sem-*

pre toleradas de bo grado polos escribáns locais como queda manifesto na denuncia que en 1790 e ante a Real Audiencia formulan os escribáns de número da vila e xurisdicción de Pontedeume contra os alcaldes da mesma sobre que non actuasen cos escribáns reais.

ANEXO 4

Documento no que 52 veciños de Pontedeume se fan eco dos ventos anti-absolutistas das Cortes de Cádiz e, sen reparar en gastos, amósanse decididos a rematar cos abusos do Conde de Lemos.

EN 6 ENERO 1812. PODER DE LOS VECINOS DE ESTA VILLA AL PROCURADOR GENERAL DE ELLA

“En la villa de Puente deume a seis días del mes de Enero año de mil ochocientos Doce. Antemí el Escrivano y testigos parecieron presentes Nicolas Estrella, Francisco Antonio de Lamas, Baltasar da Fonte, Antonio de Viñas, Jacobo do Barro, Tomas Fernandez Abeledo, Joaquin Truxillo, Antonio Salgado, Pasqual Vizoso, Bartolomé de Allegue, Vicente Lopez, Josef Tenreiro, Juan Gunturiz, Andres Mosquera y Menaya, Francisco de Allegue, Tomas de Burgos, Miguel Bugallo, Josef Casas, Nicolas de Punin, Bernardo de Viñas, Agustin Ares, Josef de Allegue, Bernardo de Lamas, Josef Andres Monteagudo, Andres Fabal, Alberto Vazquez, Manuel do Casal, Nicolas Rodríguez, Gaspar de Galde, Josef do Penedo, Gabriel y Nicolas da Fonte, Nicolas de Lamas, Vicente Doce, Miguel Rodríguez, Lucas Piñeiro, Isidoro Pita, Gabriel Grande, Francisco Perez, Manuel Diaz, Clemente de Allegue, Bernardo de Otero, Manuel Martinez, Miguel Pielgo, Manuel Salgado, Nicolas do Rio, Antonio Bonet, Sebastián Caaveiro, Gabriel Estrella, Carlos Cide, Domingo Antonio Garcia y Manuel Rodríguez, vecinos de esta villa y sus extramuros y así juntos confesando como confiesan ser la mayor parte de los terrestres sujetos a las cargas penosas y por los faltosos, ausentes e impedidos, prestando como prestan la suficiente caucion en forma, de que estaran y pasaran porlo que en virtud deeste instrumento se hiciese y obrase de mancomun con expresa renunciacion delas Leyes al caso tocante Dijeren; que por quanto en este Pueblo el Exmo. Sr. Conde de Lemos como Dueño Jurisdiccional tenia la obligación de nombrar Alcalde Carcelero pagandole de su quenta el extipendio en que se convenian; y que depocos años a esta parte un Alcalde Maior que ha havido en esta citada villa, puesto por dicho Dueño Jurisdiccional por aliviarle de este desembolso y por otras miras particulares recargo alos otorgantes con la insufrible fatiga de servir anualmente dicho empleo siguiendosele considerables gastos y perjuicios por el abandono de sus casas quando les toca respectivamente la suerte de dicho encargo expuestas sus personas, familias y haciendas a una innovación tan ofensiva; y ademas de ello tener igualmente que hacer de conductores de las ordenes que se ofrecen a la Justicia circular alas veinte y seis Parroquias de que se compone esta Jurisdicción no solo para la execucion delas superiores sino tambien para los continuos vagages de carros y cavallerias que de diario se necesitan por ser este Pueblo uno de los principales del transito de Galicia ocurriendo este necesidad las mas de las noches en las que a pesar dela mas rigurosa intemperie tienen que viajar o sufrir el pagamento de

su cuenta a quien lo verifique sin que les exima de otras insoportables fatigas como son Aloxar, Vagagear y otras muchas que omiten por evitar prologidad; Deseando poner remedio en unos males de tanta consideración yen una esclavitud en que han estado sujetos quando el Supremo Gobierno actual desea la igualdad entodos los Ciudadanos, a fin de que haiga persona que en nombre de los constituyentes los represente alas Autoridades que convenga para su pronto remedio conocen que otorgan ydan su poder cumplido el que tienen y necesario sea a D. Antonio de Punin y Pazos Procurador General de esta recordada Villa con Clausula expresa de que lo pueda jurar y substituir en los Procuradores y Axentes que por bien tubiese aeffecto de que o bien continue la costumbre y obligación del expresado Conde de Lemos o bien que de cuenta detodos los Domiciliarios de este Pueblo y Parroquias subfraganeas del se nombre y elija un Alcalde Carcelero repartiendose con proporcion e igualdad a los caudales de cada uno el extipendio que sele asigne y señale, verificandose lo mismo con respecto ala conduccion de veredas para las que deveran nombrarse quadrilleros como se practica en la Capital Ciudad de Betanzos yotros parajes; Y hasta conseguir en ambos particulares y extra que se requieran que el poder general y especial que al intento se necesite el propio le confieren amplio y sin ninguna limitacion con libre y absoluta administracion y clausulas para su validacion cogruentes con las de aprobacion, obligacion, relevacion, remision y renunciacion de Leyes en forma; Y lade satisfacerle todos los gastos incluso los secretos que tenga y diere por relacion jurada contra la que no hiran ni vendran que causa, pretexto, ni motibo alguno de cuia prueba le relevan. Asilo dijeron otorgaron y firman los que asentaron saber y por los que aseguraron no hacerlo lo executo un testigo Arruego de ellos que lo son El Licenciado Dn. Andres Veiga y Patiño; Josef Maria Fernandez, y Pedro de Cabo de esta propia vecindad; De lo qual y conocimiento de los otorgantes yo el Escrivano doy fee=

Dous días despois, nun novo documento, outros 14 veciños súmanse á reivindicación “*juntos de mancomun... desde luego adhiriendose como se adhieren al citado poder*” Os novos asinantes son Andres de Soto, Manuel da Leira, Andres Nuñez, Rosendo Salgado, Simon Ferro, Bernardo de Castro, Juan de Soto, Jacinto Lopez, Simon Galego, Benito Silbestre Gonzalez, Gaspar Varela, Francisco Roveres, Juan Mendizabal e Manuel Estrella.

Ambos documentos corresponden ao Protocolo 1526, dos do Arquivo Histórico do Colexio Notarial de Galicia, do escribán Ramón Sánchez Couceiro que exerceu en Pontedeume entre 1807 e 1846.

ANEXO 5

ASOCIACIÓN CUXA DOCUMENTACION ATÓPASE NO ARQUIVO DO REINO DE GALICIA.

CONCELLO DE CABANAS:

Nueva Unión (1932).

Agrupación Local del Partido de Unión Republicana (1935).

Agrupación Municipal del Partido de Izquierda Republicana. (1935).

Unión Regional de Derechas (1935).

CONCELLO DE A CAPELA:

Sindicato agrícola y de oficios varios de Vilar de Mouros (1936).

CONCELLO DE MOECHE:

“La Progresiva”. *Sociedad de Agricultores* (1908).

Centro Republicano de Moeche (1931).

Sociedad protectora Agrícola ganadera de Santiago de Abad y San Xoán de Moeche (1932).

Agrupación Local del Partido Unión Republicana (1936).

Grupo galleguista de Moeche (1936).

Agrupación Municipal del Partido Izquierda Republicana (1936).

Sociedad cultural Recreativa de Moeche (1941).

CONCELLO DE MONFERO:

Asociación de agricultores del ayuntamiento de Monfero (1908).

Sociedad Agrícola de Monfero (1918).

Centro Cultural (1930).

Sociedad de Agricultores de Monfero (1932).

Agrupación Municipal del Partido Izquierda Republicana (1936).

CONCELLO DE PONTEDEUME:

“La Hermandad Marítima” (1908)

Centro Solidario (1909)

Sociedad de Oficios Varios (1911)

Sociedad de Marineros Pescadores (1914)

Sindicato Agrícola Santa Eteria (1917)

Sociedad Sindicato Femenino de Labores “Santa Ilduara” (1919)

Sindicato de Obreros (1920)

Gremio de Armadores de Tarrafas y Demás Artes de Pesca (1920)

Pósito de Pescadores (1922)

Comunidad de Hermanitas de Ancianos Desamparados (1923)

Sección Cooperativa del Pósito de Pescadores (1925)

“La Primera”. *Sociedad Agraria de la Parroquia de Andrade* (1926)

“Los Previsores del Eume”. *Mutualidad Escolar de Niños* (1926)

“Garrido Vidal”. *Mutualidad Escolar de la Escuela de Niños de Andrade* (1926)

Mutualidad Escolar “Santa Teresa” (1927)

Mutualidad Escolar “El Niño Jesús” (1927)

Pósito Infantil (1930)

Sindicato Único de Trabajadores (1931)

Sociedad Agraria de Boebre y sus lugares (1931)

Partido Agrario Radical (1931)

Comité Republicano Socialista (1931)

Alianza Republicana de Pontedeume (1931)

Agrupación Socialista del Distrito (1931)
Unión Campesina de Andrade (1932)
Derecha Regional Gallega (1932)
Federación Agrícola Comarcal (1932)
Unión de Trabajadores de la Parroquia de Villar (1932)
Asociación Mercantil e Industrial (1932)
Asociación femenina de Acción Nacional (1932)
Sociedad de Oficios y Profesiones Varias (1932)
Partido Republicano Radical. Comité Local (1932)
Juventud Republicana de Agricultores de Andrade (1933)
Izquierda Republicana de Pontedeume (1935)

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ:

Organización Republicana Gallega Autónoma (1931)
Agrupación Municipal del Partido de Izquierda Republicana (1935)
Agrupación Local del Partido Unión Republicana de Pontes de G. R. (1936)
“Liceo Recreativo Cultural” de Puentes de García Rodríguez (1936)

CONCELLO DE SAN SADURNIÑO:

“La Moralizadora”. Sociedad de Agricultores y similares del Término municipal de San Saturniño (1908)
Sociedad de Instrucción y Recreo de San Saturnino (1916)
Sociedad de Instrucción y Recreo del Monte (1923)
Sociedad de Instrucción y Recreo de Igrexiafeita (1923)
Sociedad de Instrucción y Recreo “La Aurora” (1923)
Sociedad de Instrucción y Recreo “El Porvenir” (1924)
Sociedad de Instrucción y Recreo de Lamas (1924)
Sociedad de Instrucción y Recreo “La Flor de Narahío” (1926)
Sociedad pro Escuelas de Ferreira (1926)
Centro Republicano Socialista de San Saturniño (1931)
Sociedad Agraria Socialista (1931)
Juventud Femenina de Acción Católica (1931)
Radio Comunista de San Saturniño (1936)

CONCELLO DE AS SOMOZAS:

“La Luz” Sociedad de agricultores del termino municipal de As Somozas (1908)
Alianza Republicana de As Somozas (1931)
Derecha Regional Femenina de As Somozas (1933)
Agrupación Municipal del Partido de Izquierda Republicana (1936)

CONCELLO DE VILARMAIOR:

“Unión Agraria” (1931)
Agrupación Socialista de Vilarmaior (1931)
Grupo Galleguista de Vilarmaior (1935)